

1 Líder BASKET



DESTINO AVILÉS

Rematada a Liga Galega júnior feminina, dous equipos lucenses e dous composteláns **buscarán a clasificación para o Campionato de España** na final A4 do próximo 13 de abril en Lugo. Os dous finalistas acompañarán ao Celta no nacional en Asturias



ENTREVISTA - REPORTAXE
Esther Castedo campioa da NCAA en EEUU
A xogadora lucense segue acumulando éxitos na súa precoz pero exitosa carreira. No ano do seu debut nos Estados Unidos xa alzou o primeiro título

LIGA GALEGA JÚNIOR
Estudiantes cítase con Tui na final A4


SELECCIÓN GALEGAS
Galicia lócese e pon o listón moi alto en Miranda do Ebro
Torneo preparatorio para o Campionato de España que se disputará en San Fernando (Cádiz) do 13 ao 17 de abril

REPORTAXE
A CAMOVI 2019 xa está en marcha e será o 27 de abril
A Carreira de Montes de Viveiro contará cunha participación que rondará o millar de deportistas con 6 probas con diferentes percorridos

Primeiro vis a vis con Rosalía

O ENSINO CRUZARASE EN SEMIS DOS PLAY OFF co seu último rival en Liga regular



Maite Franco subindo o balón nun lance do xogo



Nuria presionando a unha xogadora compostelá

54		57	
ENSINO		ROSALÍA	
Xogadora	Pts.	Xogadora	Pts.
Nuria	15	Seoane	
Natalia G.	9	Peneda	
Uxia		Golpe	
Leboreiro	15	López	
Maite	11	Rivero	
Anx	2	García	
Tania	2	Rama	
		Ramos	
		Liste	
		Gómez	

13/14

DE ABRIL Os play off disputaríanse en Lugo co Estudiantes coma anfitrión e medíndose en semifinais s Peleteiro. O Ensino buscará o derbi lucense na final ante Rosalía nun dobre compromiso Lugo-Santiago

“A pesar del resultado creo que tuvimos una actuación brillante. El equipo estuvo muy estable, con mucha confianza” MIGUEL LÓPEZ Durán Maquinaria

Durán Maquinaria Ensino e Instituto Rosalía víronse as caras no último encontro da Liga regular da Liga Galega júnior feminina. Ambos equipos citanse no seu próximo encontro, o que lles medirá por un posto na final dos play off en Lugo.

Rosalía pegou primeiro, gañou no Anexo, pero fixoo nun partido que en moi pouco se parecerá ao das semifinais da final A4. Miguel López escondedeu cartas da baralla, xa que o Ensino competiu sen

tres referentes como son Marina, Carmen e Natalia Martínez, e coa a lesión de Tania aos dous minutos.

Pese a iso Ensino estivo preto da vitoria. A primeira parte disputouse de poder a poder con dous cuartos similares, 14-18 e 18-14, mentres que no terceiro as compostelás fóronse de ata 11 puntos de vantaxe de cara ao último cuarto, no que as lucenses tiveron tiro para forzar a prórroga, pero a fortuna reservouse para as semifinais.



Carmen Leboreiro e Natalia presionando a unha rival



Uxia Sureda baixo o aro a piques de lanzar

Lugo, punto de partida a Zaragoza

ESTUDIANTES buscará o pase ao Nacional na Final Four que organiza

63		74	
ROSALÍA		ESTUDIANTES	
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Fernández	28	Janusevicius	28
Souto	9	Iago	9
Valenzuela	6	Diego	6
Hernández	10	Mark	10
Andión	5	Lucas	5
Gómez	2	Ollolqui	2
Margaruide	2	Pilli	7
Pérez	5	Iván	5
Veites	7	Jorge	7
Tarrio		Trabado	
		Alberto	

Estudiantes visitou a Rosalía, un posible rival na final dos play off, un partido no que estaría en xogo unha praza para disputar o Campionato de España en Zaragoza.

Rosalía e Estudiantes medíronse nun partido con balas de foguete. Ningún dos dous equipos, pese a coñecerse ben, quixo dar demasiadas pistas. Os composteláns xogaron con moitas ausencias e Marcos López repartiu minutos para que todos os xogadores cheguen enchufados á final four. Ata Luis, que realizou o quencemento e xa está na última fase da súa recuperación con vistas aos play

“Todos preparados y muy activos para dentro de dos semanas jugar la final A4 en casa” MARCOS LÓPEZ Estudiantes



Iago en plena transición ofensiva no Anexo

off que se disputarán 13 e 14 de abril en Lugo.

Estudiantes levou o peso do partido en todo momento en Santiago, sempre por diante no marcador con vantaxes tralo 18-27 do primeiro parcial e o 7-14 do segundo, o que propiciou unha certa rela-

xación tralo descanso que levou a Rosalía a poñerse a tan só 3 puntos. Estudiantes mantivo a calma e deu a sensación de que no momento que apertou o acelerador descolgouse con facilidade de un Rosalía que será máis competitivo na final A4.

Estudiantes “elixe” a Peleteiro

O PASE AO CAMPIONATO DE ESPAÑA será a un partido ante as compostelás

63		67	
PELETEIRO		ESTUDIANTES	
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Fagín		Ana	
Liza		Zeltia	
Losada		Eva	
Fernández		Maria	
Martínez		Adriana	
Lamas		Alba	
Eiroa		Sabela	
Gil		Yashina	
Taboada		Candela	
González		Alexia	
Pardo			
Iglesias			

Estudiantes pechou a Liga Regular en Santiago ante Peleteiro, nun partido no que as de Fernán Varela tiñan o luxo de poder decidir con que rival querían medirse nas semifinais dos Play Off. Un encontro no que estará en xogo un posto no Campionato de España júnior feminino que se disputa en Avilés.

Estudiantes, lonxe de especular, foi a polo partido para chegar con dinámica ganadora á final A4 que organizará os días 13 e 14 deste mes. A semana non foi a idónea, con moitas ausencias pero unha vez que empezou o par-



A celeste Candela tira a canastra rodeada de rivais

“El esfuerzo de todas las jugadoras durante todo el año ha sido excepcional. Tenemos el reto de un objetivo más, pero estamos muy satisfechos con el trabajo realizado hasta ahora” FERNÁN VARELA Estudiantes

tido Estudiantes púxose o mono de traballo. Non foi o seu partido máis brillante, pero unha vez máis en canto a esforzo e compromiso as celestes estiveron de dez.

Peleteiro chegou a mandar por cinco puntos na primeira parte, pero Estudiantes agarrouse ao encontro e na segunda, cun último parcial de 15-19 selou a vitoria.

Que os play off se disputen en Lugo é o próximo reto celeste

ESTUDIANTES XA ESTÁ CLASIFICADO e, aínda que opta ao primeiro posto que os clasificaría directos para o Campionato de España, a premisa é ser anfitrión ante a solidez de Obradoiro

61		83	
NOVOBASKET		ESTUDIANTES	
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Freire		Sergio	9
Aragón		Eloy	
Alonso		Jorge	10
Vázquez		Iker	10
Rivas		Anxo	14
López		Alvaro	12
Iglesias		Oliquis	21
Coutado		Dani	1
De Dios		Adrián	
Góndora		Pedro	2
		Lucas	2

“Tenemos que seguir mejorando muchas cosas para intentar llegar a la final four en las mejores condiciones posibles” **JAVI PEINÓ** Estudiantes

celestes, e para iso deber ser segundos, posto que ocupan actualmente e que ademais de permitirles ser anfitrións e xogar na súa pista os faría cabezas de serie.

Nas tres últimas xornadas que faltan os de Javi Peinó intentarán afianzar a segunda praza e conseguir a regularidade no xogo, un dos talóns de Aquiles do conxunto lucense.

En Vigo gañouse con certa facilidade, pero sufriuse ao longo de toda a primeira parte co rebote. Estudiantes estivo ben en ataque, circulando o balón e con boas porcentaxes de acerto desde os primeiros

minutos, pero non puideron irse no marcador polas lagoas defensivas. Pese a iso, ao descanso chegouse con máis 10 no marcador, 31-41.

Na segunda parte Novobasket imprimiu máis dureza ao seu xogo coa intención de meterse de cheo no partido, e colocouse a tan só catro puntos, pero en fronte tivo un rival superior. Estudiantes igualou en intensidade e con iso secou aos locais en ataque. Co paso dos minutos foi ampliando a vantaxe ata chegar ao definitivo 61-83 co que selaron a súa presenza, como mínimo, nos play off.

1º

POSTO Aínda que as matemáticas dicen que Estudiantes aínda pode ser campión galego, o certo é que a falta de dúas xornadas Obradoiro conta cunha vitoria máis e o average particular a favor

2º

EN XOGO Rosalia e Tui son os pretendentes ao posto que ocupa Estudiantes, que nas últimas xornadas o defenderá ante Peleiteiro, Tui e Seis do Nadal

+22

EN VIGO ante un posible rival nas semifinais dos play off nos que estará en xogo unha praza para Huelva



Dani a piques de encestar unha canastra no Anexo



Yashina a piques de lanzar a canastra ante 3 rivais

Estudiantes secou a Bosco na segunda parte no Anexo

UNHA DEFENSA ZONAL 3-2 tan só encaixou 15 puntos

42		39	
ESTUDIANTES		BOSCO	
Xogadora	Pts.	Xogadora	Pts.
Toti		Lorenzo	
Candela		Losada	
Yashina		Alonso	
Enma		San Paio	
Marta F.		N. Pérez	
Claudia		A. Pérez	
Cristina		Sotelo	
Alejandra		Salgado	
Laura		Carrero	
Carla		Díaz	
Marta R			

Estudiantes reaccionou na segunda parte tras uns primeiros vinte minutos nos que Bosco Salesianos foi mellor no Anexo. O encontro, disputado por semana, tivo dous partes moi distintas.

Na primeira as lucenses sufriron moito en defensa cun Bosco máis activo e que dominaba o rebote

para tomar vantaxe no marcador, 7-10 nos primeiros dez minutos e 4-14 no segundo parcial para chegar ao descanso con 13-24.

Co partido costa arriba, Sise Peinó conseguiu cambiar o rumbo do encontro. No descanso suscitou unha defensa zonal 3-2 coa que colapsou por completo o xogo

“Necesitamos tener mucho más ritmo de juego en ataque y en defensa”

SISE PEINÓ Estudiantes Lugo

ofensivo das visitantes. Na pintura empezou a mandar Estudiantes pechando o rebote, polo que puido correr e anotar con fluidez, mentres que Bosco tan só puido ver aro en toda a segunda parte con canastras de tres puntos, tres no terceiro parcial e dous no último.

Volvemos on todas as fotos e crónicas da xornada

www.liderlugo.es





CLASIFICACIONES » Primeira e Segunda División

JUNIOR 1ª DIV. MASCULINA

RESULTADOS

Rosalía - Estudiantes	63-74
Seis Nadal - B. Ferrol	49-80
Sigaltec - B. Coruña	79-50
Bosco - PBB A	58-46
Tui - C. Ourense	65-74
Blanco Amor - Peleteiro	41-87

CLASIFICACIONES

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
OBRAIDOIRO	22	21	1	0	1791	1143
ESTUDIANTES	22	21	1	0	1979	1386
BASKET FERROL	22	13	9	0	1559	1419
Rosalía	22	13	9	0	1629	1552
TUI SETA	22	13	9	0	1597	1508
CLUB OURENSE	22	12	10	0	1426	1478
SIGALTEC	22	11	11	0	1380	1479
BOSCO	22	9	13	0	1374	1363
PBB A	22	8	14	0	1288	1510
SEIS DO NADAL	22	6	16	0	1297	1627
B. CORUÑA	21	3	18	0	1245	1650
BLANCO AMOR	21	2	19	0	1209	1584

FINALIZADA A COMPETIÇÃO

JUNIOR 2ª DIV. MASC. G-I

RESULTADOS

Ribadeo - Carballo	36-90
H. Ferreiro - Esclavas	52-59
Cluseredo - B. Coruña	76-55

CLASIFICACIONES

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
CARBALLO	9	9	0	0	668	345
KFC CULLE	9	6	3	0	670	423
BASQUET CORUÑA	9	6	3	0	585	521
HIERROS FERREIRO	9	3	6	0	418	592
C. B. RIA RIBADEO	9	2	7	0	393	650
ESCLAVAS	9	1	8	0	441	644

ÚLTIMA XORNADA

Cluseredo - Ribadeo Carballo - Esclavas
B. Coruña - H. Ferreiro

JUNIOR 2ª DIV. MASC. G-II

RESULTADOS

Estudiantes - Baxi Ferrol	67-66
CB Viveiro - Betanzos	57-54
Cambre - Narón	55-53

CLASIFICACIONES

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
ESTUDIANTES	9	8	1	0	632	505
BETANZOS	9	5	4	0	609	595
BAXI FERROL	9	4	5	0	591	563
C. B. VIVEIRO	9	4	5	0	479	513
BALONCESTO NARÓN	9	3	6	0	513	595
CAMBRE	9	3	6	0	545	598

ÚLTIMA XORNADA

Narón - Estudiantes Cambre - CB Viveiro
Betanzos - Baxi Ferrol

JUNIOR 2ª DIV. MASC. G-III

RESULTADOS

Arteixo - Burela	56-44
M. del Mar - B. Coruña	97-38
Maristas - Los Rosales	53-55

CLASIFICACIONES

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
MARISTAS CORUÑA	6	5	1	0	389	292
LOS ROSALES	5	5	0	0	378	259
SANTA Mª DEL MAR	5	4	1	0	341	239
CB ARTEIXO	6	3	3	0	334	325
BURELA JUV MASC	5	3	2	0	320	287
LICEO LA PAZ	6	1	5	0	379	400
BBCA CARINO	5	1	4	0	250	358
BASQUET CORUÑA	6	0	6	0	263	494

PRÓXIMA XORNADA

B. Coruña - BBCA Burela - Maristas
Los Rosales - M. del Mar

CADETE 2ª MASCULINO

RESULTADOS

MGR Sarria - Ensino Lugo	43-83
San Ciprián - Est. Rojo	69-37
Design Sarria - Ribadeo	34-89
CB Viveiro - Est. Azul	79-33

CLASIFICACIONES

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
CB SAN CIPRIÁN	15	14	1	0	1045	620
C. B. RIA DE RIBADEO	15	11	4	0	1133	734
ESTUDIANTES AZUL	15	11	4	0	949	847
ENSINO LUGO	15	10	5	0	807	607
C. B. VIVEIRO	15	9	6	0	885	763
MGR C. B. SARRIA	16	6	10	0	809	827
ESTUDIANTES ROJO	15	4	11	0	812	918
SAGRADO CORAZON	15	3	12	0	667	969
DESIGN C. B. SARRIA	15	0	15	0	423	1245

ÚLTIMA XORNADA

Ribadeo - San Ciprián Ensino - Design Sarria
Est. Azul - Sagrado Est. Rojo - CB Viveiro

CADETE 1ª DIV. MASC. A-1

RESULTADOS

Seis Nadal - Rosalia	56-74
Novobasket - Estudiantes	61-83
Obradoiro - Peleteiro	83-41
CB Tui - Culleredo	Apr.

CLASIFICACIONES

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
OBRAIDOIRO	11	9	2	0	839	639
ESTUDIANTES	11	8	3	0	905	834
ROSALIA CASTRO	11	7	4	0	861	771
C.B. TUI MASCATO	10	7	3	0	715	693
NOVOBASKET	11	5	6	0	750	810
PELETEIRO	11	3	8	0	751	868
KFC CULLE	10	3	7	0	616	711
PINTUNOVA SEIS DO NADAL	11	1	10	0	695	806

PRÓXIMA XORNADA

Culleredo - Seis Nadal Estudiantes - Peleteiro
Obradoiro - CB Tui Rosalia - Novobasket

PREINFANTIL MASC. A-1

RESULTADOS

Culleredo - PBB B	65-60
Narón - CB Tui	77-27
Estudiantes - Marin	55-48
Novobasket - Maristas Lugo	55-65

CLASIFICACIONES

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
MARISTAS LUGO	9	7	2	0	550	556
MARIN	9	7	2	0	546	480
NARÓN	9	6	3	0	560	440
ESTUDIANTES	9	6	3	0	582	492
KFC CULLE	9	4	5	0	536	553
NOVOBASKET	9	3	6	0	576	539
PBB "B"	9	2	7	0	513	569
CB TUI	9	1	8	0	480	714

PRÓXIMA XORNADA

CB Tui - Maristas Novobasket - Culleredo
PBB B - Estudiantes Marin - Narón

MINIBASKET 2ª MASCULINO

RESULTADOS

Cidade - Franciscanos	74-30
CB Sarria - Est. Rojo	47-48
Est. Azul - Ribadeo	Apr.
M. Auxiliadora - Galén E.	Apr.
CB Viveiro - Celtas	Apr.

CLASIFICACIONES

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
CIDADE DE LUGO	14	13	1	0	766	410
CB CELTAS	13	13	0	0	892	235
ESTUDIANTES AZUL	13	9	4	0	669	502
CRISTO C. B. SARRIA	14	6	8	0	586	623
MARIA AUXILIADORA	13	7	6	0	593	505
CB VIVEIRO	11	7	4	0	575	399
GALEN ENSINO	13	4	9	0	523	618
ESTUDIANTES ROJO	13	4	9	0	461	708
FRANCISCANOS	13	1	12	0	255	790
CB RIA DE RIBADEO	13	1	12	0	184	714

PRÓXIMA XORNADA

Franciscanos - CB Sarria M. Auxiliadora - Celtas
Est. Rojo - Est. Azul Ribadeo - CB Viveiro
Galén Ensino - Cidade

PREMI 2ª MASCULINO G-A

RESULTADOS

Est. Rojo - Maristas	77-36
CB Sarria - CB Viveiro	50-0
Burela - Est. Azul	71-59

CLASIFICACIONES

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
ORIBIO C. B. SARRIA	7	6	1	0	371	165
EST. ROJO	8	5	3	0	457	353
EST. AZUL	7	6	1	0	467	243
BURELA	8	4	4	0	438	385
MARISTAS LUGO	8	2	6	0	248	476
C. B. VIVEIRO	8	0	8	0	97	456

PRÓXIMA XORNADA

Est. Azul - CB Sarria CB Viveiro - Est. Rojo
Maristas - Burela

PREMINI 2ª MASCULINO G-B

RESULTADOS

Galén Ensino - G. Naranja	Apr.
Cidade - Franciscanos	80-29

CLASIFICACIONES

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
CIDADE DE LUGO	7	7	0	0	399	204
EST. BLANCO	6	3	3	0	285	239
GALEN ENSINO	6	3	3	0	269	220
FRANCISCANOS	6	2	4	0	178	315
GALEN NARANJA	5	0	5	0	115	268

PRÓXIMA XORNADA

Franciscanos - Est. Blanco G. Naranja - Cidade

INFANTIL 1ª DIV. MASC. A-1

RESULTADOS

Rosalía - Marin	70-43
B. Coruña - Novobasket	78-58
Sigaltec - Culleredo	51-75
Estudiantes - Bosco	52-70

CLASIFICACIONES

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
BOSCO	9	9	0	0	641	482
INSTITUTO ROSALIA	9	7	2	0	641	540
ESTUDIANTES	9	5	4	0	678	643
KFC CULLE	8	5	3	0	572	525
MARIN	9	4	5	0	530	536
BASQUET CORUÑA I	9	3	6	0	604	609
NOVOBASKET	8	2	6	0	501	546
SIGALTEC	9	0	9	0	432	718

PRÓXIMA XORNADA

Sigaltec - B. Coruña Novobasket - Rosalia
Bosco - Culleredo Marin - Estudiantes

INFANTIL 1ª DIV. MASC. A-2

RESULTADOS

Seis Nadal - Peleteiro	60-75
R. Ourense - Burela	47-59
B. Amor - Maristas	65-57
PBB A - B. Ferrol	73-40

CLASIFICACIONES

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
PELETEIRO	9	9	0	0	587	314
PBB A	9	7	2	0	563	479
SEIS DO NADAL	9	5	4	0	613	540
BURELA OS MASC.	9	5	4	0	543	450
RIO OURENSE	9	5	4	0	534	528
EDO BLANCO AMOR	9	4	5	0	450	559
BASKET FERROL	9	4	5	0	450	559
EDO BLANCO AMOR	9	1	8	0	385	564
MARISTAS	9	0	9	0	372	613

PRÓXIMA XORNADA

B. Ferrol - Seis Nadal Maristas - PBB A
Peleteiro - R. Ourense Burela - B. Amor

INFANTIL 2ª DIV. MASC.

RESULTADOS

Cidade - Candelas Ensino	23-61
MGR Sarria - Franciscanos	65-31
Est. 06 - Sagrado	29-80
CB Viveiro - Celtas	49-51
Burela 06 - Est. 05	40-55
Elev. Sarria - Ribadeo	44-78

CLASIFICACIONES

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
C. ENSINO	19	17	2	0	1277	666
SAGRADO	18	17	1	0	1261	801
CELTAS	19	16	3	0	1291	869
MGR C. B. SARRIA	19	12	7	0	1060	873
RIA DE RIBADEO	18	12	6	0	1168	876

CLASIFICACIONES

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
CIDADE DE LUGO	19	11	8	0	1010	952
ESTUDIANTES 05	19	8	11	0	977	1149
BURELA 06 MASC	19	8	11	0	880	1145
FRANCISCANOS	19	6	13	0	894	1064
CB VIVEIRO	19	4	15	0	916	1148
ESTUDIANTES 06	19	1	18	0	606	1233
AG ELEV. SARRIA	19	1	18	0	684	1248

PRÓXIMA XORNADA

Conta atrás para a final a catro na categoría de mini feminina

CIDADE E FRANCISCANOS xogaranse o terceiro posto nun duelo directo. En mini masculino, a xornada deixou un intenso CB Sarria-Estudiantes con vitoria visitante por un punto de diferenza

A penúltima xornada da liga feminina de minibasket, que vén dunha semana de parón, saldouse con vitorias de Alas de Mariposa CB Burela, Cidade de Lugo e Martínez Dental CB Sarria que, con Franciscanos, completan o cuarteto que xogará a final provincial que terá en xogo un billete para xogar o ascenso á categoría galega.

Cidade de Lugo e Franciscanos xogaranse o terceiro posto na última xornada, a fin de semana do 13 e o 14 de abril.

pero, na segunda, os visitantes foron recurtando distancias e, nos últimos intres, déronlle a volta ao marcador. Un tiro libre a falta de dous segundos puxo ao equipo visitante un punto por riba. Os sarriaos tiveron un último intento para gañar, pero a pelota non entrou.

Premi feminino

A antepenúltima xornada da liga regular saldouse con vitorias de María Auxiliadora, Adrián Salgado CB Sarria, Franciscanos e Fingoi.

Mini masculino

Na liga masculina, só se disputaron os encontros Cidade de Lugo-Franciscanos, cunha vitoria cómoda para os locais, e o Cristo Galicia CB Sarria-Estudiantes, que gañaron os celestes por un punto. Os locais chegaron a acumular unha renda de 15 puntos durante a primeira metade

4

APRAZADOS EN MINI

Na categoría masculina adiantáronse tres encontros: Estudiantes Azul-CB Ribadeo, CB Viveiro-CB Celtas e María Auxiliadora-Galén Ensino. Na liga feminina quedou por disputar o Galén Ensino-Estudiantes Celeste



Minibasket Feminino Fingoi – Cidade de Lugo



Minibasket Feminino Fingoi – Cidade de Lugo



Minibasket Feminino Fingoi – Cidade de Lugo



Minibasket Feminino Fingoi – Cidade de Lugo

CLASIFICACIÓN DE PUNTOS MASCULINO | FEMININO | MIXTO

Puntos JÚNIOR MASCULINO			Puntos CADETE MASCULINO			Puntos JÚNIOR FEMININO			Puntos CADETE FEMININO			Puntos INFANTIL MIXTO		
Xogador	Equipo	Ptos.	Xogador	Equipo	Ptos.	Xogadora	Equipo	Ptos.	Xogadora	Equipo	Ptos.	Xogador/a	Equipo	Ptos.
JANUSEVICIUS	Estudiantes	547	XOSÉ	CB Viveiro	330	CARMEN	Ensino	311	NATALIA	Ensino	283	CARLOS	CB Viveiro	406
MARK	Estudiantes	385	IKER	CB Ribadeo	315	JESSI	CB Ribadeo	273	NURIA	Ensino	267	PABLO	Sagrado	343
IAGO	Estudiantes	260	OLLOQUI	Estudiantes	315	MARINA	Ensino	264	CLAUDIA	Estudiantes	244	ÁLVARO	Burela 06	272
DANI	Hierros	248	PEDRO	Estudiantes	236	FÁTIMA	CB Ribadeo	208	YASHINA	Estudiantes	236	MIGUEL	Ensino	264
MARIO	CB Ribadeo	247	ÁLVARO	Estudiantes	223	LEBOREIRO	Ensino	192	MARTA	T. Mariña	221	JULIÁN	Sagrado	250
JULIÁN	Hierros	198	MANU R.	CB Ribadeo	219	ANA C.	CB Ribadeo	180	IRENE	CB Ribadeo	220	PABLO	Ensino	227
LUIS	Estudiantes	195	MARIO	S. Ciprián	212	NATALIA G.	Ensino	155	MAITE	Ensino	180	JORGE	CB Ribadeo	224
LUCAS	Estudiantes	147	HUGO	S. Ciprián	204	MAITE	Ensino	155	IRENE	E. Rojo	169	SAMUEL	Sagrado	219
CABE	Estudiantes	136	CRISTIAN	CB Ribadeo	199	NURIA	Ensino	129	MARÍA	E. Rojo	158	CAROLINA	Ensino	217
JUAN	Hierros	128	JUAN B.	E. Rojo	198	KRISTINA	Ensino 2	119	ANA	CB Viveiro	156	VÍCTOR	Estu 05	212
ADRIÁN	Hierros	123	MARIO	Ensino	195	IRENE	CB Ribadeo	116	ANDREA	CB Ribadeo	155	MARCOS	Burela 05	208
DIÓBIS	CB Viveiro	119	JORGE	Estudiantes	185	ADRIANA	Ensino 2	100	ENMA	Estudiantes	129	DANI	CB Ribadeo	202
JORGE	Estu 2	109	BRAIS	CB Viveiro	181	NATALIA	Ensino	99	JULIA	CB Ribadeo	121	SIMÓN	CB Ribadeo	199
DIEGO	Estu 2	109	PABLO G.	E. Rojo	162	CARMEN	Ensino 2	91	LORENA	Ensino 03	116	LUCAS	CB Ribadeo	197
MARTÍN	Hierros	103	IAGO	E. Azul	156	SARA	CB Ribadeo	80	SARA	CB Ribadeo	115	LUIS	CB Viveiro	175
ADRIÁN P.	CB Ribadeo	102	MIGUEL	S. Ciprián	152	ALEJANDRA	Ensino 2	77	MARTA C.	Ensino 03	103	DIEGO	Burela 05	173
ALBERTO	CB Ribadeo	95	MANU M.	CB Ribadeo	151	IRIA	Ensino 2	66	ALDARA	CB Ribadeo	100	JULIA	Estudiantes	161
JULIÁN	CB Burela	91	ANXO	Estudiantes	148	LUCÍA	Ensino 2	56	ANY	Ensino	99	ALEJANDRA	Estudiantes	157
ÁLEX	CB Burela	90	DIEGO	S. Ciprián	148	TANIA	Ensino	49	ELENA	CB Viveiro	95	CARLOS	Burela 05	154
MATEO	CB Viveiro	87	ÁLEX	Sagrado	147	PAULA	Ensino 2	48	LUCÍA	E. Azul	91	ANTÓN	Burela 05	152
DARLING	CB Ribadeo	85	DANI	Estudiantes	143	ANY	Ensino 2	45	REBECA	T. Mariña	91	HELENA	CB Viveiro	151
MIGUI	CB Ribadeo	82	DANI	Sagrado	134	ALDARA	CB Ribadeo	41	CARME	CB Viveiro	90	SARA	Burela 05	149
DAVID	Hierros	75	ELOY	Estudiantes	122	ZELTIA	Ensino 2	40	MERCHE	E. Azul	90	ADRIANA	T. Mariña	149
PIEDRA	Estu 2	73	SERGIO	Estudiantes	121	LUCÍA M.	Ensino 2	38	SILVIA	Ensino 03	86	NÉSTOR	Sagrado	147
JORGE	Estudiantes	70	SAMUEL	Ensino	118	JULIA	CB Ribadeo	29	LIAN	E. Rojo	83	FABIO	Burela 06	138
IVÁN	Estudiantes	70	SEBAS	Ensino	118	ANDREA	CB Ribadeo	22	CAROLINA	Ensino 04	83	RAMI	Ensino	131
DIEGO	Estudiantes	68	ÁLEX B.	E. Rojo	101	MENCÍA	Ensino 2	18	LAURA	Estudiantes	82	NICANOR	CB Viveiro	130
DAVID	CB Viveiro	64	ANDRÉS	E. Azul	100	MARÍA	CB Ribadeo	17	LARA	Ensino 03	81	JORGE	Ensino	130
XOSÉ	CB Viveiro	61	MARTIÑO	S. Ciprián	100	ALEJANDRA	Ensino	11	ANTÍA F.	T. Mariña	81	CARMEN	T. Mariña	126
CARREIRA	CB Ribadeo	56	LUCAS	E. Azul	99	MARINA	CB Ribadeo	10	LUCÍA	Ensino	77	MARCOS	Estu 05	125

ccionando éxitos en EEUU

2

MVP DO BALONCESTO BASE LUCENSE

Esther Castedo é a única xogadora que repetiu galardón. Ademais fixoo con distintas camisetas, xa que na tempada 2015 gañouno con Estudiantes e na 2018 co Durán Maquinaria Ensino

2018

UN ANO PARA O RECORDO no que disputou un campionato de España júnior, conseguiu o ascenso á Liga Dia co Ensino, foi subcampioa de Europa coa Selección española Sub 18 e fixo as maletas para levar o seu baloncesto a EEUU

18

MINUTOS

Xogou Esther Castedo no seu debut na NCAA o pasado mes de Xuño no partido fronte a Youngstown

22

TRIUNFOS en 33 partidos disputados ao longo desta temporada na NCAA, na que Robert Morris, o conxunto no que milita Esther Castedo, se proclamou campión de Conferencia

17

PUNTOS fronte a LIU Brooklyn no mes de Xanerio foi a máxima anotación da base lucense nun encontro



Si! Vou por primeira vez ao Campus e ademais estarei do outro lado da barreira, pero estou con moitas ganas e moi emocionada por poder ir e formar parte. Animo a todo o mundo a vir porque estou segura de que vai ser unha experiencia inesquecible

Subcampioa con España

ada da Selección Española por Estudiantes, no seu primeiro entón a base lucense sempre preparadores nacionais pasada, co combinado subcampionato de Europa unha actuación destacada

“ Intento estar ao tanto da competición júnior feminina. Vexo a Estudiantes e Ensino con posibilidades pero non me quero mollar, que gane o mellor!”

“ Foi un ano redondo. Estou moi contenta con todo o que conseguín a nivel persoal e de equipo. Nunca hai que deixar de esforzarse para conseguilo, é un premio ao traballo”





As seleccións galegas masculina e feminina posan coa bandeira durante un descanso do viaxe de ida a Miranda de Ebro para disputar o torneo preparatorio de cara ao Campionato

As seleccións galegas arrasán no último ensaio antes do campionato español

OS COMBINADOS GALEGOS, COS LUCENSES ÁLVARO BEN, NACHO MOTA E DAVID MARTÍNEZ gañaron os tres encontros disputados esta fin de semana nun torneo preparatorio en Miranda de Ebro

As seleccións galegas de minibasket disputaron esta fin de semana o último torneo preparatorio de cara ao Campionato de España que se disputará do 13 ao 17 de abril en San Fernando, en Cádiz. Tanto o equipo masculino coma o feminino gañaron os tres partidos disputados en Miranda de Ebro fronte a Castilla y León, Asturias e Euskadi.

Na busca do ascenso

O combinado masculino de Alvaro Ben e Nacho Mota chega con

"moi boas sensacións" ao campionato español, no que tratarán de volver á categoría Especial B. "Creo que temos un equipo para lograr o Ascenso", valora o técnico do CB Ribadeo. Mota repite como delegado dun grupo homoxéneo, "con xogadores moi traballadores e con moito talento", que ten ao base Alvaro Ben "como un dos seus piares".

Álvaro Ben

O xogador do Burela volveu este domingo da cita en Miranda de Ebro

"contento" co seu papel nos encontros disputados e plenamente "integrado" no equipo no que, sinala, "ninguén intenta destacar por riba de ningún". "A base de adestramentos e partidos como estes logramos entendernos moi ben na pista e, fóra dela, o ambiente é moi bo", destaca.

Ben é o único xogador lucense na convocatoria definitiva da selección galega coa que tamén probaron Néstor, de Maristas, e Uxío, do CB Sarria. "Para min é xa un orgullo estar

ai, e ter a oportunidade de adestrar e xogar a este nivel", explicou na previa ao campionato no que terán que medirse Melilla, Extremadura, Ceuta e Castilla La Mancha.

"Calendario favorable"

O equipo feminino, dirixido por David Martínez, tamén encara con optimismo a cita en Andalucía tras gañar os partidos ante Castilla y León, Asturias e Euskadi. Estas dúas seleccións serán rivais a bater tamén no campionato de España.

"Os primeiros partidos serán contra eses dous equipos, que xa coñecemos. O calendario, en principio, favorécenos", explicou o técnico. "Vexo factible gañar polo menos eses dous encontros. Aínda así, facer prognósticos é moi arriscado nesta categoría. Os nervios son un factor moi importante", apunta.

Andalucía e Madrid son os outros rivais das galegas, un equipo "cun baloncesto moi solidario no que todas anotan. A media está por riba dos

70 puntos por partido e vimala mantendo independentemente de quen xogue".

Último adestramento e homenaxe no Sar

Antes da viaxe a Andalucía, o vindeiro sábado as seleccións terán unha última sesión de adestramento na Estrada. Ademais, os dous planteis recibirán unha homenaxe no Sar, no intermedio do partido entre o Obradoiro e o Zaragoza. Un recibimento para seguir acumulando forzas de cara á cita en San Fernando.



David Martínez dando indicacións ás xogadoras durante o torneo en Miranda de Ebro



Foto de familia do equipo masculino con Álvaro Ben, do Burela, e Nacho Mota, do Ribadeo

O que mal empeza, mal remata

HIERROS FERREIRO acusou os adestramentos da semana no partido ante Esclavas



Martín coa pelota trata de eludir a presión rival



Mario a piques de lanzar a canastra baixo o aro

52		59	
H. FERREIRO		ESCLAVAS	
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Mario	7	Legaspi	
Juan	6	Bastilleiro	
Adrián	8	Losada	
Miguel		Tuñón	
Julián	12	Rodríguez	
Martín	6	Vaamonde	
Mateo	1	Arrojo	
Alex		Chico	
Dani	12	Fernández	
Pablo		Rocha	
		Herrero	

4

XOGADORES ADESTRANDO ao longo da semana polas ausencias provocadas polas diferentes excursións escolares de gran parte do plantel que dirixe Óscar Engroba

“El peor partido de la temporada por nuestra parte. No tuvimos las ganas ni la actitud suficiente que se requiere para afrontar un encuentro”

ÓSCAR ENGRIBA Hierros Ferreiro

A complicada semana de adestramentos que tivo Hierros Ferreiro viuse reflectida no encontro da fin de semana. Óscar Engroba apenas puido contar con efectivos nos adestramentos semanais polas ausencias provocadas polas excursións escolares. Mentres que no encontro ante Esclavas a falta de intensidade quedou patente desde os primeiros minutos.

Os visitantes domina-

ron o rebote e levaron a iniciativa no xogo pese a que no primeiro parcial, Hierros impúxose por calidade ante a falta de claridade, 17-15, e mantívose por diante ata o descanso. Con todo, no terceiro parcial chegou o apagón de ideas e de gasolina para un Hierros que encaixou un 7-22 do que xa non se puido repoiñar, pese a tirar de orgullo na recta final dun encontro para esquecer, como o foi o resto da semana.



Alex cara a pintura tras superar a dous xogadores rivais

As porcentaxes de acerto non eclipsan o bo xogo

O ENSINO puxo contra as cordas a Basquet Coruña, líder de grupo na fase de ascenso

36		43	
ENSINO		B. CORUÑA	
Xogadora	Pts.	Xogadora	Pts.
Santjuan		Kristina	9
Fernández		Lucia	2
Herrero		Iria	
Veiga		Zelita	
Lara		Alejandra	4
Valenzuela		Lucia M.	4
Varela		Lia	
Astorga		Mencia	9
Lijo			
Arqibau			

“Un partido en el que demostramos poder competir ante las mejores”

AIGOR ROMO Ensino

de fortuna no tiro para que se vise reflectido no marcador. Chegando ao descanso nove abaixo, 12-21 tras un segundo parcial no que as defensas impuxéronse aos ataques.

O Ensino, pese a caer ante o líder de grupo, deixou boas sensacións sobre a pista nun partido no que as baixas porcentaxes de acerto no tiro evitaron que puidesen loitar pola vitoria no Anexo.

Basquet Coruña presumiblemente xogarase na última xornada o ascenso á Liga Galega júnior feminina con Ribadeo, un rival ante o que o Ensino demostrou que está a un gran nivel.

Nos primeiros minutos as lucenses foron mellores, pero faltou esa pizza

Sen opcións ante o líder invicto do grupo

CB ARTAI amosou a súa superioridade desde o inicio nun partido moi desequilibrado

36		90	
RIBADEO		ARTAI	
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Alex	2	Castro	
Carlos		Caamaño	
Mario	10	Gracia	
Carreira	4	Pérez	
Migui	9	Alelenda	
Gautama	4	Fuentes	
Adrián	3	Otero	
Darling	4	Lodeiro	
		Santos	
		Santiago	
		López	
		Miranda	

“Non conseguimos competir nesta fase contra rivais tan esixentes”

RUBAL Ribadeo

anotar tres puntos máis, mentres os de Carballo, cunha defensa moi física e unha superiodade no rebote moi clara, foron poñendo terra polo medio, 8-25. No segundo período seguiron aumentando a vantaxe, 17-45.

Co partido decidido, despois do descanso volveuse ver certa melloría local, pero o acerto exterior dos visitantes e a laxitude á hora de permitir o contacto en defensa non permitiu que o Ribadeo, que para este partido tiña as baixas de Alberto, Pablo, Roi e Jose, competise. Os de Rubal despedirán a fase a vindeira fin de semana en Culleredo.

O Ribadeo non puido facer fronte a Artai, líder invicto do grupo. Os ribadenses sufriron nun partido desequilibrado ante un rival que se amosou superior desde o inicio e que, co paso dos minutos, acumulou vantaxe.

Iso a pesar de que o inicio dos locais parecía indicar que se podía ver un partido máis competido. Aos catro minutos o electrónico reflectía un 5-10.

Sen embargo, no que restaba de primeiro cuarto, os de Rubal só puideron

Ribadeo alimenta o soño do ascenso

AS MARIÑÁS xa dependen de si mesmas tralos resultados que se deron nesta xornada

51		55	
PONTUMIO		RIBADEO	
Xogadora	Pts.	Xogadora	Pts.
Fariña		Aldara	2
Varela		Marina	0
Gutiérrez		Jessi	12
Díaz		Fátima	8
Filgueiras		Andrea	0
Díaz		Ana Canel	10
Ben		Sara	18
Bra		Irene	5
		Maria	
		Julia	

“Victoria de oficio para poder luchar por la primeira plaza en la última jornada”

JOSE Ribadeo

A posibilidade do Ascenso está máis cerca para o Ribadeo. A vitoria ante Pontumio e a derrota das coruñesas ante BBKA fai que, de gañar a próxima semana, cheguen ao duelo directo da última xornada con opcións de loitar polo ascenso.

As de Jose seguen co rumbo fixo despois de gañar a Pontumio. As locais formularon unha defensa presionante moi activa que, por fases, puxo en dificultades ás ribadenses. As lesións de Fátima e Irene complicaron aínda

máis o escenario para as visitantes que, con todo, conseguiron ir ao descanso cunha vantaxe de 11 puntos, 20-31. A contribución de Sara en ataque e a gran defensa de Julia sobre a xogadora máis perigosa do equipo local foron decisivas. Na segunda metade as de Pontedeume subiron a agresividade defensiva sen factura en canto as decisións arbitrarias e foron recurtando distancias. Nuns minutos finais tensos, as de Jose tiveron o oficio necesario para asegurar un triunfo que alimenta o soño do ascenso.



A ensinista Kris trata de superar a presión rival



A DEPUTACIÓN
DE LUGO
CO DEPORTE

CAMOVÍ

A IX CARREIRA DE MONTES DE VIVEIRO xa conta con máis de 330 inscricións e reunirá a preto dun millar de participantes co apoio do Concello e a Deputación de Lugo

A conta atrás para a novena edición da Carreira de Montes de Viveiro (CAMOVÍ) iniciouse o pasado xoves coa presentación do evento en Madrid. Os organizadores da proba esperan reunir un milleiro de corredores e corredoras no evento deportivo, que se celebrará o vindeiro 27 de abril.

6 percorridos para todos os públicos e idades

A proba, que cada ano busca fórmulas para incentivar á afección ao deporte de montaña, contará con seis probas aptas para todas as idades: C42k (42 quilómetros), C21K (21 quilómetros), C10K (10 quilómetros), C45 relevos (45 quilómetros por equipos), CAMOVÍkids e unha andaina popular de 11 quilómetros.

A CAMOVÍkids contará con tres probas en función da idade dos nenos: de 0 a 6 anos (200 metros); de 7 a 10 anos (390 metros), e de 11 a 15 anos (550 metros) con diferentes desniveis.

As inscricións para participar en calquera das modalidades poden realizarse a través da web championchipnorte.com. A falta dun mes, 330 persoas reservaron xa a súa praza.

Puro monte galego

Un dos grandes atractivos da carreira é o entorno no que se desenvolve. Os circuitos percorren os montes máis elevados de Viveiro coas mellores vistas do Val do Landro e da ría. Os corredores e corredoras compiten co Cantábrico como pano de fondo practicamente en todo momento.

Presentación en Madrid

A carreira presentouse o pasado xoves na Casa de Galicia en Madrid, nun acto co que a Deputación de Lugo e mais o concello de Viveiro, que achegan 8.000 euros para a celebración da cita, quixeron dar "a maior proxección posible á proba".

O voceiro do goberno provincial, Alvaro Santos Ramos, destacou que a CAMOVÍ se converteu nun importante encontro de turismo activo, capaz de xerar un importante retorno económico para a localidade de Viveiro e para o conxunto da Mariña polo elevado número de persoas que reúne entre corredores e acompañantes.

Calcúlase que a cita acollerá a preto de 1.000 participantes de toda a xeografía galega e de diferentes puntos do Estado aos que convidaron tamén "a coñecer e desfrutar da natureza, patrimonio e gastronomía da comarca".

Durante o acto de presentación proxectáronse



A competición presentouse na Casa de Galicia, en Madrid. A cita terá lugar o vindeiro 27 de abril e contará con 6 probas con diferentes percorridos adaptados a todos os públicos e idades

varios vídeos sobre a historia e evolución da proba, consolidada como un dos eventos deportivos máis importantes do panorama estatal para os amantes deste deporte.

Historia

A CAMOVÍ foi unha proba pioneira na provincia de Lugo. Nas súas primeiras edicións organizábanse dúas carreiras, de 40 a 15 quilómetros, pero tras a gran aceptación que tivo entre os corredores e corredoras de montaña de Galicia, Asturias e León, no 2015 a organización decidiu alargar a proba estrela ata os 42 quilómetros. En 2016, pasou a formar parte do calendario da Copa de España de Carreiras de Montaña.

Este recoñecemento competitivo trouxo a atletas de talla internacional como Zaid Ait Malek, gañador por dúas veces do Campionato Español de Carreiras de Montaña e terceiro na Copa do Mundo, que participou na pasada edición da carreira.

Ao tempo, o trail máis curto foi aceptado como un reto por un gran número de principiantes, incentivando a moitos corredores de asfalto a probar a montaña.

Adestramentos solidarios

Previamente á celebración das probas deportivas da CAMOVÍ nos últimos meses tiveron lugar tres adestramentos solidarios, non competitivos, para que os participantes poidan coñecer os percorridos desta carreira polos Montes de Viveiro. Os fondos recadados coas inscricións teñen unha finalidade benéfica, pois serán entregados integramente á Asociación Española Contra o Cancro de Lugo para o desenvolvemento da súa importante labor social.

O vindeiro 14 de abril, xa previo á celebración deste evento deportivo, será a derradeira xornada de preparación cun percorrido de 21 quilómetros entre Naseiro e Viveiro.



A DEPUTACIÓN
DE LUGO
CO DEPORTE

